

## **BASES PARA A SELECCIÓN DE UNHA (1) PERSOA PARA PRESTAR SERVIZO COMO TÉCNICO EN ARTES PLÁSTICAS NA ESCOLA DE ARTE DO OA TERRA POR MOR DE SUBSTITUCIÓN POR INCAPACIDADE TEMPORAL E CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA 2016.**

### **PRIMEIRA. OBXETO DA CONVOCATORIA**

O obxecto da convocatoria urxente é a selección e contratación laboral temporal por interinidade de UN/HA (1) persoa con título oficial válido para exercer as funcións de TÉCNICO/A EN ARTES PLÁSTICAS, en réxime contractual de laboral temporal, e por mor da incapacidade temporal dun dos técnicos en artes plásticas, con categoría equivalente o grupo A2 para funcionario. A duración do contrato estará supeditada a incapacidade do traballador con dereito a reserva de posto de traballo.

A modalidade contractual será a dun contrato de duración determinada por interinidade para substituír a traballadores con dereito a reserva de posto, exercendo as funcións de técnico/a en artes plásticas, a contratación farase ó amparo do disposto no apartado art.15.c do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

### **SEGUNDA. CONDICIÓN DOS ASPIRANTES**

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público respecto do acceso ó emprego público de persoas doutra nacionalidade
- b) Ter 16 anos e non exceder da idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión ou en condicións de obter a titulación académica de grao, diplomado/a ou titulación equivalente ou superior que capacite para o desempeño do posto ofertado.
- d) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- f) Non encontrarse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.
- g) Ter ingresado na conta bancaria de ABANCA nº ES 74 2080 5061 47 3040010797 a cantidade de 17,99 euros fixada como dereitos de exame, na ordenanza municipal publicada no BOP de 15 de decembro de 2011. Aqueles aspirantes que presenten a tarxeta de demandante de emprego en vigor estarán exentos do pago dos dereitos de exame.

Todos os requisitos anteriores deberán posuírse no intre da presentación das instancias e gozar dos mesmos durante o procedemento de selección, así como en cada suposto nos que os/as seleccionados/as sexan requiridos/as para prestar os seus servizos no O.A. Terra de Sanxenxo.

### **TERCEIRA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS**

As instancias solicitando tomar parte do proceso selectivo, dirixiranse o Sr. Presidente do OA Terra de Sanxenxo e presentaranse de 9:00 á 14:00 horas (excepto o sábado ata as 13 horas) no rexistro xeral do Concello de Sanxenxo, durante o prazo de 5 días naturais dende o día seguinte da publicación do correspondente anuncio nun dos periódicos de maior circulación da provincia, na web municipal e no taboleiro do Concello (Dende o venres 22 de xaneiro ata o mércores 27 de xaneiro de 2016).

Xuntarase coa instancia a seguinte documentación: fotocopia do D.N.I., da titulación que da acceso a convocatoria, currículo extenso e detallado e documento que acredite o pago da taxa que da dereito de acceso a convocatoria (base 2ºg).

Os documentos que acrediten os méritos que aleguen deberán estar a disposición do tribunal se son requiridos.

Os aspirantes que non reúnan os requisitos esixidos na convocatoria quedarán automaticamente excluídos/as desta.

Os aspirantes que presenten documentación en rexistro distinto o do Concello de Sanxenxo deberán manifestalo e enviar fax que o acredite, o mesmo día de finalización do prazo de presentación de instancias.

### **CUARTA. PROCESO SELECTIVO**

Realizarase mediante o sistema de oposición,

Consistirá na realización dunha proba relacionada co traballo a desempeñar e de acordo o temario establecido (Anexo I), a cal constará de 2 exercicios:

- 1º Exercicio práctico e eliminatorio (Valorase de 0 a 7 puntos): Na que o aspirante deberá demostrar os coñecementos relacionados ca súa formación e preparación adecuada para o traballo, exercicio a través do cal o tribunal avaliará os aspirantes (mírese ANEXO I – Temario). A proba constará de 2 partes:

- o PARTE 1: Consistirá na interpretación por parte dos aspirantes dun modelo dado a través de técnica libre, para a cal deberán vir provistos de todo o material que precisen, o tempo será de 2 horas. Valorándose o exercicio de 0 a 3,5 puntos.
- o PARTE 2: Consistirá na realización dunha proba de deseño con ordenador, os aspirantes deberán vir provistos co seu ordenador persoal para a realización da mesma, asemade, deberán vir provistos dun pendrive ou dispositivo de almacenamento externo para copia de arquivos, o tempo será de 2 horas. Valorándose o exercicio de 0 a 3,5 puntos.
- 2º Oral (Valorase de 0 a 3 puntos): O tribunal cualificador fará unha entrevista persoal a todos os aspirantes que superasen o primeiro exercicio, o tribunal poderá preguntar sobre aspectos das materias do currículo así como cuestións relativas as funcións a desempeñar no traballo diario e o temario (Anexo I).

A oposición puntuarase de 0 a 10 puntos.

De entre todos os aspirantes seleccionarase a aquel que supere ambos exercicios e sume a maior nota.

## QUINTA. BOLSA DE EMPREGO.

Por orde de puntuación, e a proposta do tribunal establecerase unha bolsa de emprego a cal terá vixencia durante o ano 2016 para suplir a persoal en plantilla por necesidades de servizo.

## SEXTA. CELEBRACIÓN DOS EXERCICIOS

O primeiro exercicio (Parte 1 e parte 2) realizarase o 29 de xaneiro de 2016 ás 8.30 horas no Pazo Emilia Pardo Bazán. O segundo exercicio realizarase o 1 de febreiro de 2016 ás 13 horas no Salón de Plenos do Concello de Sanxenxo.

Calquera modificación de datas publicarase xunto ca lista de admitidos e excluídos mediante anuncio correspondente no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal.

## SETIMA. ADMISIÓN DOS PARTICIPANTES

A relación dos aspirantes admitidos e excluídos publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Sanxenxo o día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de instancias.

## OITAVA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

Estará integrado por :

**PRESIDENTE :** Luís Ángel Sabariz Rolán, funcionario do Concello de Sanxenxo.

**SECRETARIO :** Teresa Reyes Martínez, , funcionaria do Concello de Sanxenxo.

**VOCAL:** Celestino Otero Camiña, funcionario do Concello de Sanxenxo.

**ASESORES :** Carlos Granjel Dios, técnico de emprego e persoal.  
Clara Lujan Fernández Rodríguez, técnica de artes plásticas.

**SUPLENTEs :** Teresa Amado Moldes, funcionaria Concello de Sanxenxo.  
Lucía Bermudez Paz, funcionaria Concello de Sanxenxo.  
Susana Aguín Suarez, funcionaria Concello de Sanxenxo.

Tódalas actuacións do Tribunal, publicaranse nos taboleiro de anuncios do Concello de Sanxenxo e na páxina web municipal.

## NOVENA. INCIDENCIAS :

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nestas Bases.

Sanxenxo, 21 de xaneiro de 2016.

O presidente accidental,

David Otero Domínguez.

## ANEXO I – TEMARIO

1. A percepción visual. Teorías. Procesos: exploración, selección, análises e sínteses da realidade.
2. Expresividade e creatividade. Factores que interveñen no proceso creativo. Estratexias.
3. Linguaxe e comunicación. Linguaxe visual: elementos formais e sintaxes. Interacción entre os distintos linguaxes. Os medios de comunicación de masas. Códigos na comunicación visual. Funcións sociais e culturais.
4. Forma e imaxe. Factores obxectivos e subxectivos na apreciación formal. Psicoloxía da imaxe.
5. Forma e composición. Expresividade dos elementos formais no campo visual.
6. A proporción nas formas. O módulo e a estrutura. Redes. A proporción no corpo humano: diferentes concepcións estéticas.
7. A proporción na arte: arquitectura, escultura e pintura.
8. A cor como fenómeno físico e visual. Cor luz, cor pigmento.
9. Expresividade da cor. Relatividade. Códigos e interpretacións. A cor na arte.
10. As novas tecnoloxías e a imaxe. Ámbitos e aplicacións.
11. O debuxo e o deseño asistido por ordenador.
12. Deseño gráfico. Áreas de actuación. Recursos e procedementos. As técnicas gráfico-plásticas no proceso de creación artística.
13. Ferramentas informáticas de deseño e tratamento da imaxe (Exemplo: Adobe photoshop, freehand, quarkxpress, corel draw, illustrator)
14. Ofimática práctica (Tratamentos de textos, bases de datos).
15. Técnicas de expresión no debuxo e na pintura. Materiais.
16. A escultura. Estudo do volume. Técnicas, procedementos e materiais.
17. Técnicas de reprodución e estampación. Materiais. O gravado.
18. A Constitución española de 1978. Principios, dereitos e deberes dos españois.
19. O acto administrativo: concepto, clases e elementos; requisitos dos actos administrativos.
20. O procedemento administrativo común. Fases do procedemento.